

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

## CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*ORDE do 19 de xaneiro de 2024 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2024.*

O título II da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, dedica o capítulo II a regular as retribucións de todo o persoal ao servizo da Comunidade Autónoma. No seu artigo 11 establece que, no ano 2024, estas retribucións non poderán experimentar ningún incremento con respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2023, en termos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade. Cómpre salientar que as retribucións vixentes ao 31 de decembro de 2023, víronse afec- tadas por un incremento retributivo do 0,5 por cento, con motivo do Acordo do Consello de Ministros do 3 de outubro de 2023 (BOE núm. 238, do 5 de outubro).

A disposición adicional oitava da Lei 9/2023, do 28 de decembro, establece que as retribucións do persoal do sector público recollidas para o ano 2024 serán obxecto de ade- cuación ao previsto na Resolución do 14 de novembro de 2022, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o Acordo marco para unha Administración do sé- culo XXI (BOE núm. 276, do 17 de novembro de 2022), no momento no cal se habilite pola normativa básica do Estado.

Coa finalidade de facilitar a confección das nóminas do persoal ao servizo da Comuni- dade Autónoma, esta consellería dita as seguintes instrucións, que se limitan a aplicar o previsto na Lei 9/2023, do 28 de decembro,

### DISPOÑO:

#### Artigo único

Apróbanse as seguintes instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao ser- vizo da Administración autonómica para o ano 2024, en aplicación da Lei 9/2023, do 28 de decembro.



Primeira. *Contía das retribucións dos altos cargos e das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior*

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, as retribucións dos altos cargos da Administración da Comunidade Autónoma, dos membros do Consello de Contas de Galicia, dos membros do Consello da Cultura Galega, así como as dos altos cargos do Consello Consultivo de Galicia, aprobadas no artigo 18 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, non poderán experimentar incremento ningún con respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2023, sen prexuízo da percepción de catorce mensualidades da retribución por antigüidade e dunha contía equivalente á retribución adicional ao complemento de destino que lles poida corresponder de conformidade coa normativa vixente,

2. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2024, as retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior son as que se reflictan no anexo I desta orde, de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. Estas retribucións imputaranse ao concepto orzamentario 100.00 dentro do programa correspondente.

Segunda. *Contía das retribucións do persoal funcionario que desempeña postos de traballo para os cales o Consello da Xunta de Galicia aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*

1. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2024, o persoal funcionario que desempeñe postos de traballo para os cales o Consello da Xunta de Galicia aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, percibirá as retribucións básicas, as pagas extraordinarias, correspondentes aos meses de xuño e decembro, e o complemento de destino, nas contías que se detallan nos anexos II e III desta orde.

2. O complemento específico anual non experimentará ningún incremento respecto do vixente en 31 de decembro de 2023 percibirase en catorce pagas iguais, das cales doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

A percepción do importe diferencial do complemento específico conseguido para certos colectivos mediante acordos sobre condicións de traballo do persoal está condicionada á efectiva prestación do servizo, e deberase acreditar con carácter mensual a realización das



funcións ou tarefas concretas que motivaron os devanditos acordos. Exceptúanse os casos en que non se prestou efectivamente o servizo por atoparse en situación de incapacidade temporal, permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

3. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2024, o persoal funcionario que teña recoñecida a retribución adicional ao complemento de destino prevista nos acordos do Consello de la Xunta do 10 de xaneiro de 2019 (DOG núm. 19, do 28 de xaneiro) e do 3 de novembro de 2022 (DOG núm. 226, do 28 de novembro), así como nos acordos do 25 de novembro de 2022 entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CSIF, CC.OO.. e UGT (DOG núm. 229, do 1 de decembro) e do 28 de decembro de 2023 (DOG núm. 5, do 8 de xaneiro), percibirá os seguintes importes, en doce pagas de percepción mensual:

| Grupo/subgrupo (RDL 5/2015)                | Importe mensual ( en euros) |
|--|-----------------------------|
| A1   | 225,50                      |
| A2   | 157,82                      |
| B  | 112,46                      |
| C1   | 101,77                      |
| C2   | 86,39                       |
| E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais | 69,80                       |

O pagamento o do complemento recoñecido en virtude do Acordo do 28 de decembro de 2023 producirase de maneira progresiva en tres anualidades, na forma prevista no artigo 8 do devandito acordo. Con efectos económicos do 1 de xaneiro do ano 2024, o pagamento producirase aplicando unha porcentaxe do 33 %.

4. De conformidade coa cláusula oitava do Acordo do 3 de novembro de 2022, a retribución adicional recoñecida con base no Acordo do 10 de xaneiro de 2019 consolídase e deberá adaptarse á súa denominación no devandito acordo de 2022.

5. As retribucións do persoal docente non universitario establecidas polos acordos do Consello da Xunta de Galicia do 16 e 23 de xaneiro de 1992, do 27 de xullo de 2006 e do 13 de setembro de 2018 así como polo Decreto 124/2007, do 28 de xuño, e polo Decreto 120/2002, do 22 de marzo, recóllese no anexo V desta orde. Neste anexo tamén se reflicte o Acordo entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as organizacións sindicais CC.OO.., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da comunidade autónoma de Galicia que imparte as ensinan-



zas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, publicado no DOG do 17 de xaneiro de 2024.

De igual maneira e con respecto ás pagas extraordinarias deste persoal, seralles de aplicación o establecido na instrución terceira desta orde.

6. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 10.1 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 2024, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. En ningún caso se considerarán, para estes efectos, os trienios, a retribución adicional ao complemento de destino, o complemento de produtividade nin as gratificacións por servizos extraordinarios.

#### Terceira. *Devindicación de retribucións*

1. A diferenza, en cómputo mensual, entre a xornada regulamentaria de traballo e a efectivamente realizada polo persoal funcionario dará lugar, salvo xustificación, á correspondente dedución proporcional de haberes, para o cal se terá en conta o disposto na Orde conjunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda do 20 de decembro de 2013, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, na súa normativa de desenvolvemento.

Para o cálculo do valor hora aplicable á devandita dedución, tomarase como base a totalidade das retribucións íntegras mensuais que perciba a persoa funcionaria dividida entre o número de días naturais do correspondente mes e, pola súa vez, este resultado entre o número de horas que o persoal funcionario teña obriga de cumplir, de media, cada día.

No caso de toma de posesión no primeiro destino, no de cesamento no servizo activo, no de licenzas sen dereito a retribución e, en xeral, nos supostos de dereitos económicos que normativamente deban liquidarse por días ou con redución ou dedución proporcional de retribucións, deberá aplicarse o sistema de cálculo establecido no parágrafo anterior.

2. Cando, con suxección á normativa vixente, a persoa funcionaria realice unha xornada inferior á normal, a contía das súas retribucións determinarase na forma prevista nas normas ditadas para a aplicación do réxime retributivo a que estea suxeito.

a) O persoal funcionario que realice unha xornada de traballo reducida conforme o artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, e ao artigo 48.g) do



Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, experimentará a redución correspondente en cada caso sobre a totalidade das súas retribucións básicas e complementarias, con inclusión dos trienios e da contía adicional ao complemento de destino.

Para o cálculo do valor hora aplicable á devandita redución nas pagas ordinarias, tomarase como base a totalidade das retribucións íntegras mensuais que perciba a persoa funcionaria dividida entre o número de días naturais do correspondente mes e, pola súa vez, este resultado entre o número de horas que o persoal funcionario teña a obriga de cumplir, de media, cada día.

O importe total da paga extraordinaria afectada por un período de tempo en xornada reducida será o correspondente á suma dos respectivos importes de cada un dos dous períodos, con e sen redución de xornada, dos seis meses computables nas devanditas pagas, segundo o seguinte sistema de cálculo:

Para o período ou períodos non afectados pola redución de xornada, pero incluídos nos seis meses anteriores a súa devindicación, sobre a devandita devindicación cando o número de días é inferior ao do total computable nela, dividirse a contía da paga extraordinaria que, en data do 1 de xuño ou 1 de decembro, segundo os casos, se devindicaría na xornada completa por un período de seis meses entre cento oitenta e dous (cento oitenta e tres en anos bisestos) ou cento oitenta e tres días, respectivamente, e multiplicarase este resultado polo número de días en que prestase servizo sen redución de xornada.

Para o período ou períodos afectados pola xornada reducida, aplicarase o mesmo sistema de cálculo anterior, pero tomando como dividendo a citada contía reducida de forma proporcional á propia redución de xornada.

b) Aos restantes tipos de xornada reducida, de ser o caso, aplicáráselles a redución de retribución establecida na súa normativa específica.

3. As retribucións básicas e complementarias que se teña dereito a percibir con carácter fixo e periodicidade mensual faranse efectivas por mensualidades completas e con referencia á situación e dereitos da persoa funcionaria referidos ao primeiro día hábil do mes a que correspondan, agás nos seguintes casos, en que se liquidarán por días:

a) No mes de toma de posesión do primeiro destino na Comunidade Autónoma nun corpo ou escala, no de reingreso ao servizo activo e no de incorporación por conclusión de licenzas sen dereito a retribución.



- b) No mes de inicio de licenzas sen dereito a retribución.
- c) No mes en que se cese no servizo activo na Comunidade Autónoma, incluído o derivado dun cambio de corpo ou escala de pertenza, agás que sexa por motivos de falecemento, xubilación ou retiro do persoal funcionario suxeito ao réxime de clases pasivas do Estado e, en xeral, a calquera réxime de pensións públicas que se devindiquen por mensualidades completas desde o primeiro día do mes seguinte ao de nacemento do dereito.

Dado que o complemento específico se percibe en catorce mensualidades, sen modificación da súa devindicación, que seguirá sendo en doce, as regras previstas neste punto son de aplicación a este complemento, polo que, en caso de cambio ou cesamento no posto de traballo, se liquidará a parte que corresponda á paga adicional do mes de xuño ou decembro segundo o semestre en que se produza o cambio, ben referida ao primeiro día hábil do mes, ben por días, segundo as devanditas regras.

De ser o caso, idéntica regra se aplicará para liquidar a cantidade correspondente respecto das citadas pagas adicionais no novo posto de traballo.

4. As pagas extraordinarias devindicaranse o primeiro día hábil dos meses de xuño e decembro e con referencia á situación e dereitos da persoa funcionaria nas devanditas datas, agás nos seguintes casos:

a) Cando o tempo de servizos prestados na Administración da Comunidade Autónoma ata o día en que se devindique a paga extraordinaria non comprenda a totalidade dos seis meses inmediatos anteriores aos meses de xuño ou decembro, o importe da paga extraordinaria reducirase proporcionalmente, computará cada día de servizos prestados no importe resultante de dividir a contía da paga extraordinaria que na data da súa devindicación lle correspondese por un período de seis meses entre cento oitenta e dous (cento oitenta e tres en anos bisestos) ou cento oitenta e tres, respectivamente.

b) O persoal funcionario en servizo activo que estea gozando de licenzas sen dereito a retribución nas datas indicadas devindicará a correspondente paga extraordinaria, pero a súa contía experimentará a redución proporcional prevista na alínea a) anterior.

c) No caso de cesamento no servizo activo na Comunidade Autónoma, incluído o derivado dun cambio de corpo ou escala de pertenza, a última paga extraordinaria devindicarase o día de cesamento e con referencia á situación e dereitos do persoal funcionario na devandita data, pero en contía proporcional ao tempo de servizos efectivamente prestados,



agás que o cesamento sexa por xubilación, falecemento ou retiro do persoal funcionario a que se refire o punto 3.c) desta instrución terceira; neste caso, os días do mes en que se produza o devandito cesamento computaranse como un mes completo.

Para os efectos previstos nesta orde, o tempo de duración de licenzas sen dereito a retribución non terá a consideración de servizos efectivamente prestados.

Se o cesamento no servizo activo se produce durante o mes de decembro, a liquidación da parte proporcional da paga extraordinaria correspondente aos días transcorridos do devandito mes farase de acordo coas contías das retribucións básicas vixentes nel.

O persoal que preste servizos na Comunidade Autónoma percibirá as pagas extraordinarias segundo os servizos efectivamente prestados nela, computaranse, para estes efectos, coma se todos os servizos prestados pola persoa funcionaria na Comunidade Autónoma fosen na última consellería, organismo ou centro o que estivese adscrito e en situación de activo o primeiro día hábil dos meses de xuño ou decembro.

#### Cuarta. *Descontos*

1. No ano 2024, a porcentaxe de cotización ás mutualidades que se aplicará aos mutualistas manterase igual que no ano 2023.

No anexo VI desta orde móstranse as cotas mensuais de cotización do persoal funcionario á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (Muface) e do persoal da Administración de xustiza (Muxexu), que corresponden ao tipo do 1,69 %.

2. As cotas de dereitos pasivos que os habilitados do persoal deben reter en nómina cada mes continuarán sendo os mesmos que no ano 2023, de modo que, para todo o persoal funcionario do mesmo corpo, escala, emprego ou categoría, calquera que sexa a súa antigüidade no servizo das administracións públicas, a cota supón unha cantidade única e idéntica.

Estas cantidades, en cómputo mensual, reflíctense no anexo VI desta orde.

O persoal funcionario que estea suxeito ao réxime xeral da Seguridade Social continuará cotizando de acordo con este sistema.

3. As cotas de dereitos pasivos e de cotización dos mutualistas ás mutualidades xerais do persoal funcionario correspondentes ás pagas extraordinarias reduciranse na mesma



proporción en que se minoren as ditas pagas, como consecuencia de se aboasen estas en contía proporcional ao tempo de servizos efectivamente prestados, calquera que sexa a data da súa devindicación.

As cotas a que se refire o parágrafo anterior, do mesmo xeito que as correspondentes ás pagas ordinarias dos períodos de tempo en que se goce dunha licenza sen dereito a retribución, non experimentarán redución na súa contía.

4. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo das reducións que deba experimentar a cota de dereitos pasivos nos supostos en que así proceda por xornada reducida ou a tempo parcial.

**Quinta. Contía das retribucións do persoal ao servizo do Sistema público de saúde de Galicia**

1. Con efectos económicos do 1 de xaneiro do 2024, as retribucións do persoal que desempeñe algún posto de traballo no Sistema público de saúde de Galicia dos dotados no seu orzamento de gastos para este ano, conforme o anexo de persoal correspondente, así como as do resto do persoal a que lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e o Decreto 226/1996, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo das unidades e servizos de atención primaria e normativa complementaria, serán as que se detallan no anexo VIII desta orde.

As retribucións do persoal residente en formación, rexidas polo establecido no Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en ciencias da saúde, serán as que se detallan no anexo VIII e normas complementarias no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

2. Complementos de carreira do persoal estatutario.

a) Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, os complementos de carreira do persoal estatutario das categorías incluídas na clasificación de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde, recoñecidos en anos anteriores, en execución do Decreto 155/2005, do 9 de xuño, non experimentarán incremento respecto das contías vixentes en 31 de decembro de 2023.

b) Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, os complementos de carreira do persoal estatutario das categorías incluídas na clasificación de diplomados sanitarios, recoñecidos en anos anteriores en execución da Resolución conxunta do 28 de xullo de 2006, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde e da División de Recursos Humanos e Desenvol-



vemento Profesional, aboaranse nas contías vixentes o 31 de decembro do ano 2023, sen experimentar incremento, cos seguintes importes por grao:

Contía mensual por grao: 175,09 euros.

Contía mensual por grao de persoal de cota: 173,27 euros.

c) Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, os complementos de carreira do persoal estatutario das categorías de xestión e de persoal sanitario de formación profesional, recoñecidos en anos anteriores en execución da Resolución conxunta do 25 de outubro de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde e da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, en aplicación do punto cuarto do artigo 13 da Lei 11/2011, aboaranse nas contías vixentes en 31 de decembro do ano 2023, sen experimentar incremento, cos seguintes importes mensuais por grao:

| Grupo/subgrupo (RDL 5/2015)                | Importe mensual (en euros) |
|--|----------------------------|
| A1   | 225,50                     |
| A2   | 157,82                     |
| C1   | 101,77                     |
| C2   | 86,39                      |
| E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais | 69,80                      |

3. Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, o persoal recollido na Orde do 28 de outubro de 2008, para o acceso á carreira profesional do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade e integrado no réxime estatutario polos procesos previstos no Decreto 91/2007, percibirá como complemento de carreira, recoñecido en anos anteriores, os seguintes importes:

a) O persoal licenciado sanitario percibirá, como complemento de carreira durante o ano 2024, os importes vixentes ao 31 de decembro de 2023.

b) O persoal diplomado sanitario percibirá, como complemento de carreira durante o ano 2024, os importes vixentes en 31 de decembro do ano 2023, na cantidade de 168,09 euros mensuais por grao recoñecido.

c) O persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional percibirá, como complemento de carreira durante o ano 2024, as contías vixentes en 31 de decembro do ano 2023, cos seguintes importes por grao:

| Grupo/subgrupo (RDL 5/2015) | Importe mensual (en euros) |
|-----------------------------|----------------------------|
| A1                          | 221,32                     |



| Grupo/subgrupo (RDL 5/2015)                | Importe mensual (en euros) |
|--|----------------------------|
| A2   | 155,02                     |
| C1   | 97,58                      |
| C2   | 83,11                      |
| E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais | 67,40                      |

4. Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, os complementos de carreira previstos na Orde do 20 de xullo de 2018, pola que se publica o Acordo sobre as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao devandito organismo (DOG do 30 de xullo), percibiranse en doce mensualidades, cos seguintes importes mensuais:

- a) Complementos de carreira correspondentes á categoría de licenciados/as sanitarios/as: 280,14 euros.
- b) Complementos de carreira correspondentes á categoría de diplomados/as sanitarios/as: 175,09 euros.
- c) Complementos de carreira correspondentes ás categorías de xestión e servizos e sanitario de formación profesional:

| Grupo/subgrupo (RDL 5/2015)                | Importe mensual (en euros) |
|--|----------------------------|
| A1   | 225,50                     |
| A2   | 157,82                     |
| C1   | 101,77                     |
| C2   | 86,39                      |
| E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais | 69,80                      |

5. Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, o persoal estatutario, sanitario non facultativo e non sanitario, ao cal lle resulte de aplicación o Acordo sobre aspectos retributivos e outras condicións de traballo, publicado mediante a Resolución conxunta do 26 de xaneiro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, así como a Orde do 29 de xuño de 2023, pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta polo que se aproban melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, percibirá o complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade, modalidade por quendas, conforme o réxime previsto nas devanditas disposicións e demais normas de desenvolvemento, nos importes que se recollen no anexo IX.



Así mesmo, con efectos do 1 de xaneiro de 2024, o complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade ordinario, correspondente ás categorías sinaladas no punto segundo 3) da Resolución conxunta do 26 de xaneiro de 1996, percibirase nas contías establecidas no anexo X.

6. Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, o persoal estatutario das unidades e servizos de atención primaria a que fai referencia o artigo 1 do Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, percibirá, ademais das retribucións recollidas no anexo VIII, como complemento de produtividade fixa, os importes correspondentes conforme os factores e criterios recollidos na letra a) do artigo 7 do Decreto 226/1996, do 25 de abril, modificado polo Decreto 156/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime retributivo do persoal das unidades e servizos de atención primaria, nas contías vixentes o 31 de decembro de 2023, cos importes que figuran no anexo XI.

Así mesmo, para la cobertura das quendas de tarde e desprazables nas unidades do ámbito de atención primaria, o persoal que preste servizos nas devanditas condicións percibirá as contías mensuais que se recollen no anexo X.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, os/as médicos/as de familia, pediatras, odontólogos/as, enfermeiros/as e fisioterapeutas das unidades e servizos do cadro de persoal que atendan a cota de pacientes adscritos a outros profesionais percibirán, como contía complementaria, os importes polos conceptos retributivos que se recollen no número 2 do artigo 4 do Acordo sobre determinadas condicións de traballo e retributivas do persoal das unidades e servizos de atención primaria, publicado na Orde do 4 de xuño de 2008, pola que se publican determinados acordos sobre ordenación e provisión de postos de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, modificado polo Acordo do 29 de xuño de 2022 sobre diversas medidas retributivas e melloras no seo do Plan de ordenación de recursos humanos de atención primaria, que se recollen na Orde do 16 de setembro de 2022.

7. De conformidade co establecido na medida 3 do Acordo pactado na Mesa sectorial de negociación do persoal estatutario sobre medidas retributivas e de mellora no seo do Plan de ordenación de recursos humanos de atención primaria que se recolle na Orde do 16 de setembro de 2022 (DOG nº 182, do 23 de setembro), e con efectos do 1 de xaneiro de 2024, cando por indispoñibilidade do persoal médico de familia non sexa posible a cobertura dunha praza vacante cun nomeamento interino, poderanse distribuír a cota de pacientes asignados a esa praza entre o persoal que acepte un incremento de cota, de conformidade co establecido na medida 3 do Acordo recollido na Orde do 16 de setembro de 2022. Para



a atención dese incremento, máximo de 300 pacientes, establecese unha prestación adicional de xornada de catro horas e media á semana e establecese unha retribución anual de 12.360 euros ou a parte proporcional.

8. Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, os/as médicos/as de urxencias hospitalarias percibirán como retribucións complementarias, en función dos factores concorrentes no desempeño do posto de traballo, segundo o disposto no artigo 3.2 da Resolución conxunta do 17 de abril de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e da División de Asistencia Sanitaria, pola que se regula a xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico de urxencias hospitalarias deste organismo na Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se publica o Acordo 2008-2012 para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en aplicación do punto catro, do artigo 13 da Lei 11/2011, así como na Orde do 29 de xuño de 2023 pola que se publica o Acordo do Consello de la Xunta polo que se aproban melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, con base no Acordo da Mesa Sectorial do 20 de abril de 2023, os importes que se recollen no anexo XII.

9. Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, as retribucións adicionais dos/das médicos/as dos puntos de atención continuada, en aplicación do disposto no Acordo sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en Enfermaría dos puntos de atención continuada, publicado na Orde do 4 de xuño de 2008, pola que se publican determinados acordos sobre ordenación e provisión de postos de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito da atención primaria do Servizo Galego de Saúde na Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se publica o Acordo 2008-2012 para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en aplicación do punto catro do artigo 13 da Lei 11/2011, e en aplicación do Acordo do 17 de xullo de 2019, conforme os factores específicos no desempeño da postos PAC, así como na Orde do 29 de xuño de 2023 pola que se publica o Acordo do Consello de la Xunta polo que se aproban melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, con base no Acordo da Mesa Sectorial do 20 de abril de 2023, serán os importes que se recollen no anexo XIII.

10. Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, as retribucións adicionais do persoal de enfermaría dos puntos de atención continuada, en aplicación do disposto na normativa recollida no punto anterior, e en atención ás características dos postos de traballo de PAC, serán os importes que se recollen no anexo XIV.



11. As retribucións adicionais do persoal estatutario médico asistencial e coordinador, así como do persoal de enfermaría da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, conforme o disposto na súa normativa e así como na Orde do 29 de xuño de 2023 pola que se publica o Acordo do Consello de la Xunta polo que se aproban melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, con base no Acordo da Mesa Sectorial do 20 de abril de 2023, serán, con efectos do 1 de xaneiro de 2024, os importes que se recollen no anexo XVIII.

12. As retribucións mensuais do persoal estatutario que percibe o seu salario polo sistema de cota non experimentarán incremento, con efectos do 1 de xaneiro de 2024, respecto das contías que viñan percibindo no mes de decembro do ano 2023. Os premios de antigüidade correspondentes ao persoal de cota e zona rexeranse pola súa normativa específica. Estes premios de antigüidade faranse efectivos a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte á data en que se complete o período de tres anos necesarios para o seu perfeccionamento.

13. As pagas extraordinarias do persoal do Servizo Galego de Saúde, así como as do resto do persoal a que lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003, do 16 de decembro o Decreto 226/1996, do 25 de abril, e a súa normativa complementaria, terán un importe de soldo e trienios que se recolle para cada unha das pagas no anexo II desta orde e dunha mensualidade do complemento de destino, coas contías recollidas no anexo III.

14. Con efectos do 1 de xaneiro de 2024, as retribucións correspondentes ao complemento de atención continuada do persoal do Servizo Galego de Saúde, así como as do resto do persoal a que lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e o Decreto 226/1996, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo das unidades e servizos de atención primaria e normativa complementaria, así como a Orde do 29 de xuño de 2023 pola que se publica o Acordo do Consello de la Xunta polo que se aproban melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, con base no Acordo da Mesa Sectorial do 20 de abril de 2023, serán as que se recollen no anexo XV.

15. Ao persoal médico e residente en formación, tanto en atención primaria como en atención hospitalaria, e ao persoal de enfermaría de atención primaria, que realicen o seu traballo ordinario cunha presenza en sábado pola mañá, aboáráselles un módulo adicional. As retribucións por este concepto serán as recollidas no anexo XVII.



16. A retribución correspondente a cada módulo de actividade de catro horas en réxime de presenza física, efectivamente realizado polo persoal facultativo de atención hospitalaria exento de gardas, queda establecida na contía de 336 euros.

17. O persoal estatutario facultativo do Sistema público de saúde de Galicia que desempeñe o seu posto en réxime de dedicación exclusiva ao sector público percibirá un complemento específico singular equivalente na súa contía ao total do complemento específico actual previsto no artigo 43.2.b) da Lei 55/2003, do 16 de decembro.

O persoal estatutario facultativo do Sistema público de saúde de Galicia que teña reñecida a compatibilidade para o exercicio de actividades privadas percibirá un complemento específico pola contía dun trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, e un complemento singular. Este complemento singular terá unha contía equivalente á diferenza entre o oitenta por cento do complemento específico singular que percibiría de ter dedicación exclusiva ao sector público e o seu complemento específico.

18. O importe das pagas extraordinarias do persoal pertencente á clase de sanitarios locais (APD), do persoal que se retribúe polo sistema de cota e zona, do persoal residente en formación, así como do persoal laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde non suxeito ao V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, incorporará unha retribución adicional no importe que resulte de aplicar o 3,62 % das súas retribucións anuais, fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, excluídos, de ser o caso, os conceptos derivados de antigüidade e carreira profesional, distribuída nos meses de xuño e decembro.

19. O importe da paga extraordinaria do persoal non recollido nos puntos anteriores incorporará unha retribución adicional no importe que resulte de aplicar o 3,62 % das súas retribucións anuais, fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, excluídos, de ser o caso, os conceptos derivados de antigüidade e carreira profesional, distribuída nos meses de xuño e decembro.

No caso de que se perciban máis de dúas pagas extraordinarias, a contía adicional resultante, definida no parágrafo anterior, distribuirase entre as devanditas pagas, de modo que o importe, en termos anuais, sexa idéntico ao do resto de persoal.

20. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como o resto de persoal o que lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003 o Decreto 226/1996, do



25 de abril, e a súa normativa complementaria, percibirá adicionalmente nos meses de xuño e decembro os importes de complemento específico, produtividade fixa e PRD que se recollen no anexo XVI.

O persoal a que fai referencia o primeiro parágrafo do punto 5 da instrución quinta desta orde percibirá, ademais dos importes recollidos no anexo XVI no mes de xuño a media mensual de produtividade fixa que perciba entre os meses de xaneiro e xuño, conforme os factores e criterios recollidos na letra a) do artigo 7 do Decreto 226/1996, do 25 de abril, modificado polo Decreto 156/2005, do 9 de xuño, e no mes de decembro, a media mensual que perciba entre os meses de xullo a decembro.

21. No ámbito público da docencia especializada, o exercicio das funcións correspondentes ás xefaturas de estudos de formación sanitaria especializada que dependa funcionalmente da xerencia ou órgano directivo equivalente da entidade titular do centro ou unidade docente terá a consideración de xefatura de servizo de carácter docente non asistencial cun complemento retributivo vinculado ao ámbito, peculiaridades e desempeño das súas funcións docentes, conforme os establecido no artigo 27.3 do Decreto 48/2023 do 20 de abril, de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na Comunidade Autónoma de Galicia

**Sexta. Retribucións do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza en Galicia**

1. Conforme o disposto no artigo 24 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, o persoal funcionario dos corpos ao servizo da Administración de xustiza que desempeñen as súas funcións no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia percibirá as retribucións que se determinen na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2024, cando esta sexa aprobada, e será de aplicación mentres tanto o previsto na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, que está prorrogada, e ademais normativa que lle sexa de aplicación.

2. No anexo XIX recóllese as contías das retribucións establecidas na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, que están prorrogados no ano 2024, así como as contías dos complementos recoñecidos en virtude de normativa específica.

3. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2024, o persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza que teña recoñecido o complemento adicional da traxectoria profesional previsto no Acordo do Consello da Xunta do 25 de xuño de 2020 no Acordo



do Consello da Xunta do 3 de novembro de 2022 percibirá os seguintes importes en doce pagas mensuais:

| Grupo | Corpo                                  | Importe mensual (en euros) |
|-------|--|----------------------------|
| A1    | Médicos/as forenses                    | 225,50                     |
| A2    | Xestión procesual e administrativa     | 157,82                     |
| C1    | Tramitación procesual e administrativa | 101,77                     |
| C2    | Auxilio xudicial                       | 86,39                      |

4. Os importes das retribucións do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza que non figuren incluídos no anexo XIX, pero que estean recoñecidos expresamente na normativa aplicable, non experimentarán incremento con efectos do 1 de xaneiro de 2024 respecto dos vixentes en 31 de decembro de 2023.

**Sétima. Contía das retribucións do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único**

1. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2024, o persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único percibirá o salario base, complementos, antigüidade, pagas extraordinarias e contías adicionais nos importes que se detallan no anexo VII.

O complemento de singularidade corresponderá aos postos en que figure, de ser o caso, nas relacóns de postos de traballo aprobadas polos respectivos acordos do Consello da Xunta de Galicia.

2. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2024, o persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único percibirá ademais do salario base, complementos, antigüidade, pagas extraordinarias e contías adicionais nos importes que se detallan no anexo VII, a retribución adicional que teña recoñecida segundo o previsto nos acordos do Consello da Xunta do 10 de xaneiro de 2019, do 3 de novembro de 2022, do 25 de novembro de 2022 e no do 28 de decembro de 2023.

| Grupo  | Importe mensual (en euros) |
|--|----------------------------|
| I. Titulados/as superiores   | 225,50                     |
| II. Titulados/a de grao medio  | 157,82                     |
| III. Especialista e encargados/as (categorías 1 a 59)                        | 112,46                     |
| III. Especialistas e encargados/as (categoría 60 en diante)                  | 101,77                     |
| IV. Oficiais/as de 2ª administrativos e oficiais/as de 2ª                    | 86,39                      |
| V. Persoal subalterno, de vixilancia e de servizos específicos non titulados | 69,80                      |



O pagamento do complemento recoñecido en virtude do acordo do 28 de decembro de 2023, producirase de maneira progresiva en tres anualidades, na forma prevista no artigo 8 do devandito acordo. Con efectos económicos do 1 de xaneiro do ano 2024, o pagamento producirase aplicando unha porcentaxe do 33 %.

Este complemento percibirase en 12 mensualidades e imputarase ao subconcepto 130.43.

3. O persoal laboral fixo o que se refiren as alíneas a) e g) do artigo 2, do Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO. e UGT polo que se convoca o procedemento de acceso aos graos I e II do complemento de desempeño do posto de traballo para o persoal laboral, que debe cumplir o requisito de asinar o compromiso de participar no proceso de funcionarización que se convoque para o recoñecemento do complemento de desempeño, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 17 de novembro de 2022, que non presente a solicitude de participación no correspondente proceso de funcionarización que se convoque, que non se presente, ou que non o supere decaerá do recoñecemento do devandito grao.

Exceptúase do devandito decaemento o suposto en que a persoa non poida adquirir a condición de persoal funcionario de carreira por non dispoñer dalgún dos requisitos exigidos pola normativa aplicable.

Os efectos económicos do decaemento produciranse un mes despois da causa que implica a non superación do proceso de funcionarización (non matriculación, non presentación, non superación do exame ou ben non toma posesión).

4. A retribución adicional recoñecida con base no Acordo do 10 de xaneiro de 2019 consérvase e deberá adaptarse á súa denominación no devandito acordo de 2022.

#### Oitava. *Outras instrucións*

1. Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións que teñan carácter análogo rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

2. O persoal funcionario interino incluído no ámbito de aplicación do artigo 10 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, percibirá as retribucións básicas, incluídos trienios



e pagas extraordinarias, e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo para o cal sexa nomeado, excluídas as que, de ser o caso, estean vinculadas á condición de persoal funcionario de carreira.

As pagas extraordinarias do persoal funcionario interino a cal lle resulte de aplicación o réxime retributivo da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, terán un importe, cada unha delas, de soldo e trienios, recollido no anexo II, e complemento de destino mensual que perciban, e seralles de aplicación o establecido no punto catro da instrución terceira.

O complemento de produtividade poderá atribuíselle, de ser o caso, ao persoal funcionario interino a que se refire o parágrafo anterior, así como ao persoal eventual e ao persoal funcionario en prácticas cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo e estea autorizada a aplicación do devandito complemento ao persoal funcionario de carreira que desempeñe análogos postos de traballo, agás que o devandito complemento estea vinculado á condición de persoal funcionario de carreira.

3. As retribucións do persoal contratado administrativo a que se refire a disposición transitoria oitava do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, non experimentarán incremento con efectos do 1 de xaneiro de 2024 respecto das que viñan percibindo o 31 de decembro de 2023.

4. De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, no ano 2024 as retribucións básicas e as complementarias de carácter fixo e xornal do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non incluído nos artigos anteriores non experimentarán incremento ningún respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2023.

5. O persoal funcionario de carreira que cambie de posto de traballo na Comunidade Autónoma, excepto nos casos previstos na letra a) do artigo 15 da Lei 13/1988, terá dereito durante o prazo de toma de posesión á totalidade das retribucións, tanto básicas como complementarias, de carácter fixo e periodicidade mensual.

Para a aplicación do disposto nesta orde, no caso de que a fin do devandito prazo se produza dentro do mesmo mes en que se efectuou o cesamento, as citadas retribucións faraas efectivas a dependencia que dilixencie o devandito cesamento e, de conformidade co disposto no referido artigo 15, por mensualidade completa e de acordo coa situación e dereitos do persoal funcionario referidos ao primeiro día hábil do mes en que se produza o cesamento. Se, pola contra, o devandito termo recaese en mes distinto ao de cesamen-



to, as retribucións do primeiro mes faranse efectivas da forma indicada anteriormente e as do segundo aboaraas a dependencia correspondente ao posto de traballo a que se accede, así mesmo por mensualidade completa e na contía correspondente ao posto en que se tomou posesión, sen prexuízo do disposto nas letras b) e c) do citado artigo 15 da Lei 13/1988.

6. As persoas titulares de postos de traballo que se supriman nas relacións de postos continuarán percibindo, ata que sexan nomeadas para desempeñar outros postos de traballo e durante un prazo máximo de tres meses, contados a partir da data en que produciu efectos económicos a citada supresión, co carácter da conta do que lle corresponda polo novo posto de traballo, as retribucións complementarias correspondentes ao posto suprimido, sen que proceda ningún reintegro, no caso de que as cantidades percibidas á conta fosen superiores.

7. As referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes líquidos para os efectos do cálculo dos anticipos reintegrables ao persoal funcionario, entenderanse sempre feitas ás retribucións básicas e complementarias que estes perciban nos seus importes líquidos.

8. No caso de adscrición durante o ano 2024 dunha persoa funcionaria suxeita a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo a que se adscriba, esta percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación, que deberá autorizar a Consellería de Facenda e Administración Pública por proposta da consellería interesada.

Só para os efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, a Consellería de Facenda e Administración Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe da persoa funcionaria.

9. A provisión de postos de traballo que desempeñará o persoal funcionario ou a formalización de novos contratos de persoal laboral fixo, así como a modificación da categoría profesional destes últimos, requirirán que os devanditos postos figuren detallados nas respectivas relacións de postos de traballo, e que o seu custo en cómputo anual estea dotado presupostariamente ou, na súa falta, que o autorice a Consellería de Facenda e Administración Pública.

En calquera caso, a provisión de postos de traballo do persoal funcionario requirirá a plena observancia do disposto na normativa vixente sobre incompatibilidades.



10. A alta en nómina do persoal laboral temporal e do persoal funcionario interino deberá contar de ser o caso, coa autorización prevista nos artigos 12, 13, 15 e 16 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A alta en nómina do persoal laboral indefinido estará condicionada á existencia de crédito no concepto 133 e no subconcepto 160.33 en proxección anual. Estas altas deberán comunicárselle con carácter mensual á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

11. Os postos de traballo do persoal que se acolla ao previsto no Acordo que regula o pase á segunda actividade do persoal das categorías de bombeiro/a forestal do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, para realizar tarefas preventivas ou de apoio loxístico ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios, non estarán recollidos na relación de postos de traballo.

As retribucións da persoa traballadora serán as mesmas retribucións asignadas ao posto de traballo que tivese con carácter definitivo antes do pase á nova situación, sen que en ningún caso teña tal consideración a produtividade, nocturnidade ou calquera outro concepto retributivo ligado á efectiva prestación dos servizos efectivos que dan dereito á súa percepción.

Estas retribucións imputaranse ao subconcepto 130.10.

12. Durante o ano 2024 as persoas traballadoras en situación de licenza por enfermidade ou incapacidade temporal percibirán un complemento retributivo desde o primeiro día da devandita situación que, sumado á prestación do réxime da Seguridade Social ou do réxime de mutualismo administrativo, acade o 100 % das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal.

As retribucións das persoas traballadoras que estean na situación de licenzas por enfermidade ou incapacidade temporal pola contía correspondente a prestacións económicas para compensar deberán imputarse aos seguintes subconceptos, segundo corresponda a cada tipo de persoal: 100.16, 110.16, 121.16, 130.16, 131.16, 132.16, 133.16 e 134.16.

As retribucións das persoas traballadoras que se encontren na situación de licenzas por enfermidade ou incapacidade temporal, pola parte non imputable no subconcepto anterior, e as que estean na situación de permiso por parto, nacemento, acollemento ou adopción



dun/dunha fillo/a, deberán imputarse aos seguintes subconceptos, segundo corresponda para cada tipo de persoal: 100.17,110.17,121.17,130.17,131.17,132.17,133.17 e 134.17.

13. As referencias relativas ás retribucións contidas nesta orde entenderanse sempre feitas a retribucións íntegras, agás no previsto no número sete desta instrución oitava.

14. A contía das retribucións anuais do persoal laboral non incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único e do persoal non recollido nos puntos anteriores non experimentará con efectos do 1 de xaneiro de 2024 incremento respecto das que viñan percibindo en 31 de decembro de 2023.

15. Nas equiparacións retributivas derivadas de acordos de adhesión ao V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia o persoal percibirá:

As retribucións establecidas no anexo VII desta orde.

E, de ser o caso, un complemento persoal transitorio, que se denominará «complemento equiparación Convenio Xunta».

Este complemento poderá ser positivo ou negativo, segundo resulte da diferenza entre as retribucións establecidas con anterioridade, excluídos os complementos de antigüidade e demais complementos persoais, e as establecidas no devandito convenio.

Este complemento percibirase en catorce mensualidades e imputarase ao subconcepto 130.00 ou 131.00, segundo corresponda.

Este complemento experimentará unha redución do 20 % cada ano ata a súa total extinción, segundo o establecido nos acordos de integración.

16. O persoal laboral fixo procedente das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia que, mediante o procedemento establecido no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime xurídico aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexa obxecto de creación, adaptación ou extinción, se integra como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia e que, en virtude do seu convenio colectivo de orixe, perciba en concepto de antigüidade unhas cantidades superiores ás establecidas polo mesmo concepto no Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, terá dereito a un complemento adicional e



independente do complemento de persoal de integración establecido na disposición transitoria primeira do devandito Decreto 129/2012, do 31 de maio. Este complemento consistirá na diferenza positiva entre a cantidade percibida por antigüidade no momento anterior á referida integración e a cantidade resultante de aplicar o establecido no número 5 do artigo 12 do devandito decreto.

Este complemento permanecerá coa mesma contía, independentemente das variacións nos restantes conceptos retributivos, e manterase mesmo no caso de funcionarización deste persoal laboral integrado.

Este complemento percibirase en 12 mensualidades e imputarase ao subconcepto 130.01. No caso de funcionarización, imputarase ao subconcepto 121.01.

17. O persoal laboral fixo que, como consecuencia do proceso de funcionarización previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2019 (Acordo de concertación do emprego público de Galicia), e que en virtude do procedemento establecido no Decreto 165/2019, do 26 de decembro, adquira a condición de persoal funcionario de carreira e continúa no mesmo posto de traballo obxecto de funcionarización percibirá, mentres permaneza nese destino ou pase mediante calquera procedemento de mobilidade a un posto de traballo da mesma tipoloxía, cun mesmo réxime de prestación de servizos e con iguais complementos retributivos, un complemento persoal de funcionarización.

Este complemento dividirase en dúas epígrafes:

Letra a) funcionarización-persoal: comprende a diferenza de retribucións brutas anuais, fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, percibidas como persoal laboral fixo, excluídos os complementos de antigüidade e os demais complementos persoais, e as percibidas como persoal funcionario. Este complemento non é compensable nin absorbible, salvo que se incrementen as retribucións complementarias deste persoal por algúna causa que non derive dos incrementos anuais que, con carácter xeral, establezan as correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este complemento percibirase en 12 mensualidades e imputarase ao subconcepto 121.02.

Letra b) funcionarización-antigüidade: recollerá a diferenza de retribucións entre a contía dos trienios recoñecidos como persoal laboral e o seu equivalente como trienios do



persoal funcionario. Este complemento percibirase en 14 mensualidades e non será compensable nin absorbible.

Pola habilitación da correspondente consellería, no primeiro trienio que este persoal perfeccione como funcionario de carreira deberase incluír a contía que resulte da diferenza entre o que percibiría como persoal laboral e o que lle corresponda como persoal funcionario de carreira, conforme o establecido no Decreto 165/2019, do 26 de decembro.

O complemento persoal de funcionarización será de aplicación tras o recoñecemento polo órgano competente da Consellería de Facenda e Administración Pública.

18. O persoal laboral fixo que teña recoñecido o complemento persoal de integración regulado nas disposicións transitorias primeira e segunda do Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal de entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción e que, antes de que o devandito complemento fose absorbido, adquirise a condición de persoal funcionario de carreira como consecuencia de superar o proceso de funcionarización manterá ese complemento nas mesmas condicións reguladas no citado Decreto 129/2012. Integrarase como parte do complemento de funcionarización que, de ser o caso, podería corresponder conforme o disposto no Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira por parte do persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, ata o momento da súa absorción.

19. Segundo o establecido no Acordo para a efectividade e acomodación da primeira relación de postos de traballo derivada da funcionarización de postos de persoal laboral e a equiparación de categorías laborais con postos funcionariais da Administración xeral, o persoal funcionarizado que realice quendas nocturnas seguirá percibindo, a cantidade que lle correspondería conforme as estaba recibindo como persoal laboral do V Convenio colectivo único, aplicando para o cálculo as retribucións que estaba a percibir como persoal laboral e non as que percibe na súa condición de persoal funcionario.

Este complemento de nocturnidade imputarase ao subconcepto 150.00.

20. O persoal que estea a percibir a cantidade establecida no artigo 35 do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, e que como consecuencia dos pro-



cesos de funcionarización tome posesión como funcionario de carreira, seguirá recibindo a dita contía en cómputo mensual durante a presente anualidade.

No suposto derivado dalgún proceso de mobilidade deste persoal seguirá percibindo a dita cantidade por parte da nova consellería de destino.

Este concepto de axuda por discapacitado a cargo do artigo 35 non se poderá percibir por duplicado respecto ao mesmo exercicio económico polo concepto de Fondo de Acción Social para persoal funcionario.

21. O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia que preste os seus servizos en réxime de quendas na rede de centros de xestión propia da Consellería de Política Social e Mocidade e no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar percibirá unha compensación económica por cada grupo de catro domingos e/o festivos traballados, en aplicación da Resolución do 28 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Mocidade, pola que se publica o Acordo sobre as condicións de traballo do persoal dos centros de xestión propia da Consellería de Política Social e Mocidade, asinado o 5 de decembro de 2023 entre a Administración pública e as organizacións sindicais.

Para o ano 2024 os importes desta compensación económica serán os seguintes:

140 euros para o persoal da agrupación profesional ou grupos equivalentes laborais.

160 euros para o persoal do grupo C2 ou grupos equivalentes laborais.

180 euros para o persoal do grupo C1 ou grupos equivalentes laborais.

200 euros para o persoal do grupo A ou grupos equivalentes laborais.

22. A contía das retribucións anuais do persoal eventual de gabinete non experimentará, con efectos do 1 de xaneiro de 2024, incremento respecto das que viñan percibindo en 31 de decembro de 2023.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2024

Miguel Corgos López-Prado  
Conselleiro de Facenda e Administración Pública



**ANEXO I**  
**Retribucións dos altos cargos**

a) Administración da Xunta de Galicia:

|   | Contía mensual soldo (euros) | Contía adicional disposición adic. décimo segundo da Lei 6/2002, do 27 de decembro | Contía adicional artigos 12.dous, 15 e 21 da Lei 16/2007, do 26 de decembro |
|---|------------------------------|--|---|
|   | Xuño/decembro                | Xuño/decembro  |   |
| Presidente/a  | 6.937,31                     |  |   |
| Vicepresidente/a e conselleiros/as  | 6.054,65                     |  |   |
| Secretarios/as xerais, directores/as xerais, delegados/as territoriais e asimilados | 4.971,74                     | 1.327,22   | 977,33  |

|  | Contía mensual soldo (euros) |
|--|------------------------------|
| Delegado/a da Xunta de Galicia en Bos Aires  | 5.355,82                     |
| Delegado/a da Xunta de Galicia en Montevideo | 4.549,54                     |

b) Consello de Contas de Galicia:

|                     | Contía mensual soldo (euros) |
|---------------------|------------------------------|
| Conselleiro/a maior | 6.443,26                     |
| Conselleiros/as     | 6.054,65                     |

c) Consello Consultivo de Galicia:

|                 | Contía mensual soldo (euros) |
|-----------------|------------------------------|
| Presidente/a    | 6.443,26                     |
| Conselleiros/as | 6.054,65                     |

d) Consello da Cultura Galega:

|              | Contía mensual soldo (euros) |
|--------------|------------------------------|
| Presidente/a | 6.443,26                     |

**ANEXO II**

**Persoal funcionario que desempeña postos de traballo para os cales o Consello da Xunta de Galicia aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia**

| Retribucións básicas (euros)    |                |         |  |         |
|---------------------------------|----------------|---------|--|---------|
| Grupo/subgrupo de clasificación | Contía mensual |         | Paga extraordinaria meses de xuño e decembro |         |
|                                 | Soldo          | Trienio | Soldo  | Trienio |
| A1                              | 1.294,60       | 49,83   | 798,88                                       | 30,76   |



| Grupo/subgrupo de clasificación            | Retribucións básicas (euros) |         |  |         |
|--|------------------------------|---------|--|---------|
|  | Contía mensual               |         | Paga extraordinaria meses de xuño e decembro |         |
|  | Soldo                        | Trienio | Soldo  | Trienio |
| A2   | 1.119,41                     | 40,63   | 816,41                                       | 29,62   |
| B  | 978,52                       | 35,65   | 845,73                                       | 30,83   |
| C1   | 840,49                       | 30,76   | 726,44                                       | 26,55   |
| C2   | 699,52                       | 20,94   | 693,15                                       | 20,72   |
| E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais | 640,25                       | 15,76   | 640,25                                       | 15,76   |

As pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro aboaranse nunha contía igual á suma dunha mensualidade de soldo e trienios fixada para a paga extraordinaria e o complemento de destino mensual, e devindicarase conforme o disposto no punto 4 da instrución terceira desta orde.

### ANEXO III

**Persoal funcionario que desempeña postos de traballo para os cales o Consello da Xunta de Galicia aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na Lei 2/2015, do emprego público de Galicia**

#### Complemento de destino

| Nivel de complemento de destino | Contía mensual (euros) |
|---------------------------------|------------------------|
| 30                              | 1.130,84               |
| 29                              | 1.014,30               |
| 28                              | 971,68                 |
| 27                              | 928,99                 |
| 26                              | 815,04                 |
| 25                              | 723,11                 |
| 24                              | 680,45                 |
| 23                              | 637,85                 |
| 22                              | 595,15                 |
| 21                              | 552,56                 |
| 20                              | 513,28                 |
| 19                              | 487,09                 |
| 18                              | 460,87                 |
| 17                              | 434,65                 |
| 16                              | 408,50                 |
| 15                              | 382,24                 |
| 14                              | 356,08                 |
| 13                              | 329,84                 |
| 12                              | 303,61                 |
| 11                              | 277,39                 |
| 10                              | 251,22                 |



## Complemento de destino. Agrupacións profesionais (RDL 5/2015)

| Nivel de complemento de destino | Contía mensual (euros) |
|---------------------------------|------------------------|
| 15                              | 398,29                 |
| 14                              | 371,02                 |
| 13                              | 343,66                 |
| 12                              | 316,35                 |
| 11                              | 289,04                 |
| 10                              | 261,74                 |

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada neste anexo será modificada nos casos en que así proceda de acordo coa normativa vixente, sen que iso implique variación do nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo.

## ANEXO IV

## Complemento específico

| Nivel de complemento de destino | Contía mensual (euros) |
|---------------------------------|------------------------|
| 30                              | 1.753,37               |
| 29                              | 1.542,95               |
| 28(A)                           | 1.332,51               |
| 28(B)                           | 1.217,69               |
| 27                              | 1.158,20               |
| 26                              | 1.098,71               |
| 25                              | 981,84                 |
| 24                              | 888,27                 |
| 23                              | 806,46                 |
| 22                              | 724,62                 |
| 21                              | 658,19                 |
| 20                              | 591,77                 |
| 19                              | 564,66                 |
| 18                              | 537,59                 |
| 17                              | 529,60                 |
| 16                              | 521,62                 |
| 15                              | 509,93                 |
| 14                              | 498,22                 |
| 13                              | 486,53                 |
| 12                              | 474,85                 |
| 11                              | 463,16                 |
| 10                              | 451,45                 |



## Complemento específico. Agrupacións profesionais (RDL 5/2015)

| Nivel de complemento de destino | Contía mensual (euros) |
|---------------------------------|------------------------|
| 14                              | 513,77                 |
| 12                              | 489,69                 |
| 10                              | 465,57                 |

O complemento específico percibirase en catorce mensualidades, das cales doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro.

Os complementos específicos que non tivesen a súa contía relacionada neste anexo aboaranse con efectos do 1 de xaneiro de 2024 nas mesmas contías mensuais que as percibidas o 31 de decembro de 2023.

O Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de decembro de 2009 non será de aplicación aos niveis 14, 16 e 20 que teñan un complemento específico superior obtido mediante acordos anteriores, sendo de aplicación a seguinte táboa:

| Nivel de complemento de destino | Contía mensual (euros) |
|---------------------------------|------------------------|
| 20                              | 584,36                 |
| 16                              | 514,22                 |
| 14                              | 490,82                 |

## ANEXO V

**Inspectores/as de educación, profesorado dos centros de ensino básico, bacharelato, formación profesional, ensinos artísticos e idiomas**

1º. Grupos de clasificación, niveis de complemento de destino e importes mensuais do compoñente xeral do complemento específico.

|   | Grupo/<br>subgrupo | Nivel do<br>complemento<br>de destino | Compoñente xeral do<br>complemento específico<br>(euros/mes) |
|---|--------------------|---------------------------------------|--|
| Inspectores/as de educación   | A1                 | 26                                    | 850,71   |
| Catedráticos/as de música e artes escénicas e catedráticos/as de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño | A1                 | 26                                    | 785,59   |
| Profesores/as de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas, de artes plásticas e deseño, e de música e artes escénicas                | A1                 | 24                                    | 727,24   |
| Profesores/as técnicos de formación profesional e mestres/as de taller de artes plásticas e deseño  | A2                 | 24                                    | 727,24   |
| Mestres/as  | A2                 | 21                                    | 727,24   |



2º. Compoñente singular do complemento específico pola titularidade de órganos unipessoais de goberno e polo desempeño de postos de traballo docentes singulares. Os importes mensuais do devandito compoñente son os seguintes:

**Un. Desempeño de órganos de goberno unipessoais.**

| Cargos académicos  | Tipo de centros | Centros de educación secundaria, formación profesional e asimilados (euros/mes) | Centros de educación infantil, primaria, especial e asimilados (euros/mes) |
|--------------------|-----------------|---|--|
| Director/a         | A               | 761,09  | 627,35   |
|                    | B               | 658,33  | 569,78   |
|                    | C               | 597,84  | 417,89   |
|                    | D               | 543,12  | 314,19   |
| Vicedirector/a     | A               | 346,02  |  |
|                    | B               | 339,70  |  |
|                    | C               | 250,44  |  |
|                    | D               | 218,57  |  |
| Xefe/a de estudios | A               | 346,02  | 231,34   |
|                    | B               | 339,70  | 218,57   |
|                    | C               | 250,44  | 212,21   |
|                    | D               | 218,57  | 161,22   |
| Secretario/a       | A               | 346,02  | 231,34   |
|                    | B               | 339,70  | 218,57   |
|                    | C               | 250,44  | 212,21   |
|                    | D               | 218,57  | 161,22   |

**Dous. Desempeño de postos de traballo docentes singulares.**

| Posto   | Euros/mes |
|---|-----------|
| Institutos de Educación Secundaria e Centros Públicos Integrados: |           |
| – Xefatura de departamento  | 77,46     |
| – Coordinador/a de formación en centros de traballo               | 77,46     |
| Centros integrados de Formación Profesional:                      |           |
| – Xefatura de departamento  | 77,46     |
| -Coordinador/a de formación en centros de traballo                | 77,46     |
| – Coordinador/a de emprendemento                                  | 77,46     |
| – Coordinador/a de programas internacionais                       | 77,46     |
| – Coordinador/a de tecnoloxías da información e comunicación      | 77,46     |
| – Coordinador/a de innovación e formación do profesorado          | 77,46     |
| – Coordinador/a de biblioteca de centro integrado                 | 77,46     |
| – Coordinador/a de residencia                                     | 77,46     |
| Centros de educación infantil e primaria e centros de primaria:   |           |
| – Xefatura de Departamento de Orientación                         | 77,46     |



| Posto   | Euros/mes |
|---|-----------|
| Escolas oficiais de idiomas, escolas de artes aplicadas e conservatorios de música e danza: |           |
| – Xefatura de departamento  | 77,46     |
| Centros residenciais docentes:  |           |
| – Xefatura de residencias   | 346,02    |
| – Director/a de residencias   | 77,46     |
| Responsable de menos de 3 unidades en centros de educación infantil e primaria              | 97,46     |
| Membros/as dos equipos de orientación específicos   | 346,02    |
| CAFI e Cefores:   |           |
| – Dirección   | 658,33    |
| – Asesor/a  | 346,02    |
| Asesor/a técnico/a docente  | 346,02    |
| Profesor/a de colexios rurais agrupados:  | 77,46     |
| Profesorado que imparte docencia en centros específicos de ensinos de adultos               | 77,46     |
| Coordinador/a de o equipo de dinamización da lingua galega                                  | 77,46     |

Tres. Por función de inspección educativa.

| Posto                               | Euros/mes |
|-------------------------------------|-----------|
| Inspector/a xefe/a provincial       | 1.113,89  |
| Inspector/a coordinador/a de sector | 873,76    |
| Inspector/a de educación            | 838,69    |

3º. O importe mensual do compoñente do complemento específico por formación permanente dos/das funcionarios/as de carreira docentes é o seguinte:

|            | Euros/mes |
|------------|-----------|
| 1º período | 76,03     |
| 2º período | 97,76     |
| 3º período | 130,36    |
| 4º período | 184,65    |
| 5º período | 54,30     |

4º. O importe mensual do compoñente do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes é o seguinte:

|                                    | Euros/mes |
|------------------------------------|-----------|
| Titoría e outras funcións docentes | 56,01     |

5º. Consolidación parcial do complemento específico dos/das directores/as dos centros escolares públicos.



A porcentaxe de consolidación con referencia ao importe do compoñente singular por tarefas de dirección segundo o período de tempo de permanencia no posto, será, de forma acumulativa a seguinte:

- Primeiros catro anos de permanencia: 25 %.
- Segundos catro anos de permanencia: 15 %.
- Terceiros catro anos de permanencia: 20 %.

O total acumulado destas porcentaxes non poderá exceder o 60 %.

6º. Profesorado e conceptos retributivos non incluídos nos puntos precedentes:

As retribucións do profesorado e dos conceptos retributivos non incluídos nos puntos precedentes deste anexo, recoñecidos expresamente pola normativa vixente, serán as mesmas que o 31 de decembro de 2023.

#### ANEXO VI

#### Cotas mensuais de cotización á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado e á Mutualidade Xeral Xudicial, correspondentes ao tipo do 1,69 %

| Grupo/subgrupo (ou asimilados)             | Cota mensual (euros) |
|--|----------------------|
| A1   | 51,68                |
| A2   | 40,68                |
| B  | 35,62                |
| C1   | 31,24                |
| C2   | 24,72                |
| E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais | 21,07                |

Nos meses de xuño e decembro aboarase para todos/as os/as funcionarios/as cota dobre, agás nos casos previstos no punto terceiro, número 3, desta orde.

Cotas mensuais de dereitos pasivos dos/das funcionarios/as civís do Estado e do persoal ao servizo da Administración de xustiza, correspondentes ao 3,86 % do haber regulador.

| Grupo/subgrupo (ou asimilados)             | Cota mensual (euros) |
|--|----------------------|
| A1   | 118,04               |
| A2   | 92,90                |
| B  | 81,35                |
| C1   | 71,35                |
| C2   | 56,45                |
| E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais | 48,13                |



Nos meses de xuño e decembro aboarase para todos/as os/as funcionarios/as a cota dobre, agás nos casos previstos no punto cuarto, número 3, desta orde.

**ANEXO VII**  
**Táboa salarial por grupos**

| Grupo  | Contía soldo mensual (euros) | Contía adicional paga extraordinaria equivalente ao complemento de destino articulo 12.un da Lei 16/2008, do 23 de decembro | Contía adicional equivalente ao complemento específico |
|--|------------------------------|---|--|
|  |                              | Xuño/decembro   | Xuño/decembro  |
| I. Titulado/as superiores  | 2.084,59                     | 513,28  | 572,60   |
| II. Titulados/as de grao medio   | 1.740,44                     | 408,50  | 504,72   |
| III. Especialistas e encargados/as (categorías 1 a 59)                       | 1.462,22                     | 408,50  | 504,72   |
| III. Especialistas e encargados/as (categorías 60 en diante)                 | 1.397,43                     | 356,08  | 482,07   |
| IV. Oficiais/as de 2ª administrativos e oficiais/as de 2ª                    | 1.184,13                     | 303,61  | 459,48   |
| V. Persoal subalterno, de vixilancia e de servizos específicos non titulados | 1.061,35                     | 251,22  | 436,82   |

Complementos salariais:

| Complemento                            | Euros/mes |
|--|-----------|
| Triénio                                | 33,31     |
| Especial dedicación                    | 48,82     |
| Complemento de perigo                  | 91,69     |
| Complemento de toxicidade              | 91,69     |
| Complemento de penosidade              | 91,69     |
| Complemento de dispoñibilidade horaria | 458,47    |
| Complemento de funcións                | 180,72    |

Persoal directivo. Retribucións mensuais fixas máximas por niveis (en euros):

|         | Nivel 1  | Nivel 2  | Nivel 3  | Nivel 4  | Nivel 5  |
|---------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Grupo 1 | 6.963,55 | 6.077,57 | 5.376,06 | 4.810,69 | 4.157,11 |
| Grupo 2 | 6.077,57 | 5.376,06 | 4.810,69 | 4.157,11 |          |
| Grupo 3 | 5.376,06 | 4.810,69 | 4.157,11 |          |          |
| Grupo 4 | 4.810,69 | 4.157,11 |          |          |          |





## ANEXO VIII Persoa directivo

| Categoría (importes en euros) |  | Grupo | Nivel | Soldo    | Compl. destino | Compl. específico | Produtividade | PRD  | Compl. de grao |
|-------------------------------|--|-------|-------|----------|----------------|-------------------|---------------|------|----------------|
| D-A1-56                       | Director/a Asistencial do 061                                  | A1    | 28    | 1.294,60 | 971,68         | 2.786,88          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| D-A1-57                       | Director/a Xestión e Ss.Gg. 061                                | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 2.322,29          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| D-A1-58                       | Director/a Coordinación 061                                    | A1    | 28    | 1.294,60 | 971,68         | 2.785,51          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| D-A1-59                       | Director/a do 061  | A1    | 29    | 1.294,60 | 1.014,30       | 2.980,62          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| D-A1-63                       | Xerente/A da Axencia   | A1    | 29    | 1.294,60 | 1.014,30       | 2.407,61          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| D-A1-64                       | Director/a de Área   | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.988,82          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| D-A1-65                       | Director/a da Axencia  | A1    | 29    | 1.294,60 | 1.014,30       | 2.407,61          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-01                      | Xerente Xestión Integrada                                      | A1    | 29    | 1.294,60 | 1.014,30       | 2.435,52          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-02                      | Xerente Executivo/a  | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-03                      | Xerente/A da Área Sanitaria                                    | A1    | 29    | 1.294,60 | 1.014,30       | 2.435,52          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-04                      | Director/a do Distrito Sanitario                               | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-05                      | Director/a Asistencial   | A1    | 28    | 1.294,60 | 971,68         | 2.262,78          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-06                      | Director/a de Atención Primaria                                | A1    | 28    | 1.294,60 | 971,68         | 2.163,02          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-07                      | Director/a de Atención Hospitalaria                            | A1    | 28    | 1.294,60 | 971,68         | 2.163,02          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-10                      | Director/a Procesos Asistenciais                               | A1    | 28    | 1.294,60 | 971,68         | 2.262,78          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-11                      | Director/a Recursos Económicos                                 | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 2.262,78          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-12                      | Director/a Recursos Humanos                                    | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 2.262,78          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-14                      | Director/a Procesos Sen Ingreso e Urxencias                    | A1    | 28    | 1.294,60 | 971,68         | 2.163,02          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-15                      | Director/a Procesos con Ingreso                                | A1    | 28    | 1.294,60 | 971,68         | 2.163,02          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-16                      | Director/a Procesos de Soporte                                 | A1    | 28    | 1.294,60 | 971,68         | 2.163,02          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-26                      | Subdirector/a Sistemas de Información                          | A1    | 26    | 1.294,60 | 815,04         | 1.908,74          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-27                      | Subdirector/a Calidade, Atención ao Paciente e Admisión        | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-29                      | Subdirector/a Proc. Asistenciais Área Médica                   | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-30                      | Subdirector/a Área RR.EE.                                      | A1    | 26    | 1.294,60 | 815,04         | 1.908,74          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-31                      | Subdirector/a Área RR.HH.                                      | A1    | 26    | 1.294,60 | 815,04         | 1.908,74          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-32                      | Subdirector/a Médico/AA1                                       | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.188,37          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-34                      | Subdirector/a Xestión  | A1    | 26    | 1.294,60 | 815,04         | 1.162,90          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-40                      | Subdirector/a de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00          | 0,00 | 0,00           |



| Categoría (importes en euros) |  | Grupo | Nivel | Soldo    | Compl. destino | Compl. específico | Productividade | PRD  | Compl. de grao |
|-------------------------------|--|-------|-------|----------|----------------|-------------------|----------------|------|----------------|
| DA-A1-41                      | Subdir. Médica de Procesos Sen Ingreso e Atenc. á Cronicidade  | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-42                      | Subdirección Programación Cirúrxica                            | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-43                      | Subdir. Hospitalización e Urxencias                            | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-44                      | Subdir. de Calidade Asistencial                                | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-45                      | Subdirección de Prestación Farmacéutica                        | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-46                      | Subdirector/a de Sistemas e Tecnoloxías da Información         | A1    | 26    | 1.294,60 | 815,04         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-48                      | Subdirector/a de Humanización e Atención á Cidadanía           | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A1-49                      | Subdirección Asistencial Área Médica                           | A1    | 27    | 1.294,60 | 928,99         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-13                      | Director/a Procesos de Enfermaría                              | A2    | 26    | 1.119,41 | 815,04         | 1.807,54          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-26                      | Subdirector/a de Humanización Calidade e Atención á Ciudadanía | A2    | 26    | 1.119,41 | 815,04         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-28                      | Subdirector/a Procesos Asistenciais Área de Enfermaría         | A2    | 25    | 1.119,41 | 723,11         | 1.453,54          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-33                      | Subdirector/a Enfermaría                                       | A2    | 25    | 1.119,41 | 723,11         | 754,90            | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-35                      | Subdirector/a Sistemas de Información                          | A2    | 26    | 1.119,41 | 815,04         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-36                      | Subdirector/a Área RR.EE.                                      | A2    | 26    | 1.119,41 | 815,04         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-37                      | Subdirector/a Área RR.HH.                                      | A2    | 26    | 1.119,41 | 815,04         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-38                      | Subdirector/a de Xestión                                       | A2    | 26    | 1.119,41 | 815,04         | 1.162,90          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-39                      | Subdirector/a Calidade, Atención ao Paciente e Admisión        | A2    | 26    | 1.119,41 | 815,04         | 1.807,54          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-47                      | Subdirector/a de Sistemas e Tecnoloxías da Información         | A2    | 26    | 1.119,41 | 815,04         | 1.908,74          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-50                      | Director/a de Enfermaría                                       | A2    | 26    | 1.119,41 | 815,04         | 1.807,54          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |
| DA-A2-51                      | Subdirector/a de Enfermaría                                    | A2    | 25    | 1.119,41 | 723,11         | 1.453,54          | 0,00           | 0,00 | 0,00           |

Persoal residente en formación.

| Categoría (importes en euros) |   | Grupo | Nivel | Soldo    | Compl. destino | Compl. específico | Productividade | PDR  | Compl. grao |
|-------------------------------|---|-------|-------|----------|----------------|-------------------|----------------|------|-------------|
| M-A1-01                       | Per. Residente Formación Subgrupo A1-1º | A1    | SN    | 1.287,76 | 0,00           | 0,00              | 0,00           | 0,00 | 0,00        |
| M-A1-02                       | Per. Residente Formación Subgrupo A1-2º | A1    | SN    | 1.287,76 | 0,00           | 0,00              | 0,00           | 0,00 | 103,02      |
| M-A1-03                       | Per. Residente Formación Subgrupo A1-3º | A1    | SN    | 1.287,76 | 0,00           | 0,00              | 0,00           | 0,00 | 231,80      |
| M-A1-04                       | Per. Residente Formación Subgrupo A1-4º | A1    | SN    | 1.287,76 | 0,00           | 0,00              | 0,00           | 0,00 | 360,57      |
| M-A1-05                       | Per. Residente Formación Subgrupo A1-5º | A1    | SN    | 1.287,76 | 0,00           | 0,00              | 0,00           | 0,00 | 489,35      |



| Categoría (importes en euros) |   | Grupo | Nivel | Soldo    | Compl. destino | Compl. específico | Productividade | PDR  | Compl. grao |
|-------------------------------|---|-------|-------|----------|----------------|-------------------|----------------|------|-------------|
| M-A2-01                       | Per. Residente Formación Subgrupo A2-1º | A2    | SN    | 1.092,93 | 0,00           | 0,00              | 0,00           | 0,00 | 0,00        |
| M-A2-02                       | Per. Residente Formación Subgrupo A2-2º | A2    | SN    | 1.092,93 | 0,00           | 0,00              | 0,00           | 0,00 | 87,43       |

### Persoal estatutario de xestión e servizos.

| Categoría (importes en euros) |   | Grupo | Nivel | Soldo    | Compl. destino | Compl. específico | Productividade | PDR  | Compl. grao |
|-------------------------------|---|-------|-------|----------|----------------|-------------------|----------------|------|-------------|
| N-A1-01                       | Xefe/a Servizo-Subgrupo A1                                | A1    | 26    | 1.294,60 | 815,04         | 822,13            | 203,22         | 0,00 | 0,00        |
| N-A1-02                       | Xefe/a Sección-Subgrupo A1                                | A1    | 24    | 1.294,60 | 680,45         | 676,46            | 182,88         | 0,00 | 0,00        |
| N-A1-03                       | Persoal Técnico Superior                                  | A1    | 23    | 1.294,60 | 637,85         | 514,68            | 172,72         | 0,00 | 0,00        |
| N-A1-04                       | Enxeñeiro/a Superior                                      | A1    | 23    | 1.294,60 | 637,85         | 551,11            | 172,72         | 0,00 | 0,00        |
| N-A1-05                       | Grupo Técnico Función Admtva.                             | A1    | 23    | 1.294,60 | 637,85         | 514,68            | 172,72         | 0,00 | 0,00        |
| N-A1-06                       | Psicólogo/a   | A1    | 23    | 1.294,60 | 637,85         | 514,68            | 172,72         | 0,00 | 0,00        |
| N-A1-07                       | Bibliotecario/a   | A1    | 23    | 1.294,60 | 637,85         | 514,68            | 172,72         | 0,00 | 0,00        |
| N-A1-08                       | Tco/a. Superior de Sistemas e Tecnoloxías da Información  | A1    | 23    | 1.294,60 | 637,85         | 514,68            | 172,72         | 0,00 | 0,00        |
| N-A1-09                       | Persoal Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais | A1    | 23    | 1.294,60 | 637,85         | 514,68            | 172,72         | 0,00 | 0,00        |
| N-A2-01                       | Xefe/a Servizo-Subgrupo A2                                | A2    | 26    | 1.119,41 | 815,04         | 822,13            | 248,41         | 0,00 | 0,00        |
| N-A2-02                       | Xefe/a Sección-Subgrupo A2                                | A2    | 24    | 1.119,41 | 680,45         | 676,46            | 228,09         | 0,00 | 0,00        |
| N-A2-07                       | Traballador/a Social Hospital                             | A2    | 21    | 1.119,41 | 552,56         | 275,90            | 137,17         | 0,00 | 0,00        |
